

Xoves, 22 de abril de 2021

Núm. 75

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Persoal, oposicións

DECRETO DE ALCALDÍA MODIFICANDO MEMBRO DO TRIBUNAL E DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DO 1º EXERCICIO DE CONSERXE-COORDINADOR

Expediente: 2614/2019

Procedemento: Proceso selectivo para cubrir unha praza de conserxe-coordinador, acceso libre, concurso-oposición

DECRETO DE ALCALDÍA

Antecedentes

Decreto da Alcaldía polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos, o tribunal de selección e se fixa o día de constitución do tribunal e realización da primeiro exercicio, publicado no BOP nº 36 de 21 de febreiro de 2020.

Anuncio polo que se suspende o 1º exercicio do proceso selectivo dun conserxe-coordinador que se ía celebrar o vindeiro sábado 14 de marzo de 2020, de conformidade co disposto no decreto da Alcaldía de 12 de marzo de 2020 relativo á aplicación ao persoal que presta os seus servizos no Concello de Caldas de Reis da Resolución do Secretario de Estado de política territorial e función pública de medidas a adoptar nos centros de traballo dependentes da Administración Xeral do Estado con motivo do covid-19, no que se establece

“...Sexta. Probas selectivas.

O órgano convocante de cada proceso selectivo en curso deberá pospoñer, polo tempo imprescindible, a celebración de probas selectivas, especialmente aquelas de concorrencia masiva, garantíndose en todo caso a continuidade dos procesos...”

Considerando que o actual estado de alarma, decretado o 25 de outubro do 2020 e ampliado por un período de 6 meses, rematará o vindeiro 9 de maio.

Por canto antecede e en uso das facultades conferidas pola vixente lexislación,



Xoves, 22 de abril de 2021

Núm. 75

RESOLVO:

1º Modificar a composición do Tribunal de selección nomeando:

Presidente/a

- Titular: JOSÉ ANTONIO RUEDA DE VALENZUELA, Interventor do Concello de Caldas de Reis

En substitución de SONIA DAPENA LOIS.

O réxime de recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2º. Fixar o día 29 de maio de 2021, ás 10,00 horas como data de constitución do Tribunal.

3º. Fixar o día 29 maio de 2021, ás 10,30 horas para a realización da primeiro exercicio escrito.

4º. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI. O desenvolvemento do proceso selectivo iniciarase coa realización do 1º exercicio que terá lugar no CPR Plurilingüe San Fermín, Rúa Fermín Mosquera, 2, 36650 Caldas de Reis, Pontevedra.

5º. Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Edictos e na Sede Electrónica do Concello de Caldas de Reis.

Documento datado e asinado á marxe,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: IR02BJMSEX0H7OFF

